

ENCOL DUN INTERESANTE ESGRAFIADO SOBRE CERÁMICA ACHADO EN LUGO

Por Marc MAYER OLIVÉ

Univerdidad de Barcelona

Nas escavacións realizadas en 1986 na Rúa de Armañá apareceu un fragmento de cerámica cun interesante esgrafiado, aproveitando a parte máis plana dun recipiente. Non podemos precisar se o esgrafiado se gravou sobre o recipiente enteiro ou ben se se aproveitou un anaco dun recipiente roto. O que sí resulta evidente é que a superficie que contiña o esgrafiado sufriu unha rotura posterior que afecta ó texto gravado.

A posibilidade de reconstrución do texto, en principio, non se vería afectada pola natureza do soporte aínda que sí o seu significado, que debe sen dúbida ter en conta se o esgrafiado se situaba sobre unha vasilla enteira ou ben se só se situaba sobre un anaco.

O fragmento que estudiamos parece se-lo fondo plano dunha xerra de cerámica común con engobe interior vermello, que presenta ferruxe por efecto da coza. Foi o Servicio Municipal de Arqueoloxía do Concello de Lugo quen fixo o inventario co número 2835 e podería datarse dende o segundo tercio do século II ata o primeiro do século IV d. C.

Podemos adiantar que paleográficamente nada se opón a esta cronoloxía.

O texto en cuestión é o seguinte:

(- - -) VT PONE (- - -)

AVT XX PA (- - -)

que propoñemos reconstruir como unha formulación de dúas posibilidades en coordinación adversativa:

(A) VT PONE (/-S/-BIS)

AVT XX (viginti) PA (CATA DA/DAS/DABIS)

que podería suxerir diversas interpretacións, non tanto en función do tempo verbal, coma do soporte; é dicir, como xa indicamos, se se trata dun esgrafiado sobre recipiente enteiro ou ben se trata dun esgrafiado sobre un fragmento realizado con posterioridade á rotura da vasilla.

No primeiro dos casos debería considerarse como un dos frecuentes esgrafiados que conteñen fórmulas destinadas a protexe-la propiedade dun recipiente e mailo seu contido, algo así como:

«Ou ben o deixas, ou pagas as vinte moedas acordadas».

Unha interpretación máis lúdica e válida para o segundo caso, é dicir, se se trata da reutilización dun anaco de vasilla, sería a da súa identificación cunha ficha de xogo que se podería interpretar de diversas maneiras:

«Ou ben pos (a túa aposta)
ou ben pagas as vinte (moedas) pactadas»

ou mesmo máis dificilmente, e considerando *pone* como adverbio, co significado de «na parte oposta»:

«ou ben sae reverso
ou ben pagas as vinte (moedas) acordadas».

Caben evidentemente moitas outras restitucións distintas da que propoñemos e podemos dar moitos outros sentidos ós escasos restos de letras que posuímos. Trátase sen embargo dun exercicio metodoloxicamente positivo: intentar interpretar e extraer información do que parece se-lo parente desherdado da epigrafía, os esgrafiados sobre cerámica.

Este material escrito, de por si abundantísimo, pásase por alto ou simplemente noméase circunstancialmente nas publicacións arqueolóxicas; sen embargo é susceptible de documentar malia ó seu aspecto humilde, unha cantidade moi importante de datos culturais vencellados ó que algúns chamaron «alfabetismo», outros «literariedade» e que poderíamos denominar, menos tecnicamente quizais, penetración da cultura. Estes esgrafiados amósannos a progresiva romanización e a penetración do latín nos recunchos da vida cotiá en ambientes non oficiais e moitas veces recónditos.

En resumo, documentos modestos cos que gaña profundidade a nosa visión dun fenómeno que penetrou e imbuíu tódolos aspectos dunha sociedade que cada vez vemos como máis próxima a nós.

ΤΡΟΧΕ
ΑΥΤ ΧΡΛ

O grafito na súa façiana orixinal